Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 1 de outubro de 2024

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **1 de outubro de 2024, ás 16:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta, en funcións de Presidenta)
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de Patricia García González)
(Vicepresidenta en funcións)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
María Dolores Hermelo Piñeiro
Pablo Javier Prieto Perille
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso

Emendante:
Iria Taibo Corsanego (BNG)
Preguntante:
María Montserrat Prado Cores (BNG)

Comparecentes:
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Director de Augas de Galicia

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta en funcións abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as susbstitucións pertinentes. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Preguntas

1.1 7275 (12/POC-001072)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas e as actuacións que prevé pór en marcha o Goberno galego, especialmente na ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 09.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña**.

Na rolda de réplica o **señor Abalde Alonso (S)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada pola directora xeral e reitérase nalgunhas cuestións xa expostas por considerar que non foron contestadas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, señora Villaverde Acuña**, rebatendo moitas das afirmacións realizadas polo señor deputado.

A señora presidenta en funcións agradece a presenza da señora Villaverde Acuña nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 11101 (12/POC-001881)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana
Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante a chegada de biosoportes e outros residuos plásticos ás costas do sur da ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f2, do 20.09.2024

A **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, expón os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no

PARLAMENTO DE GALICIA

Boletín Oficial do Parlamento.

Pasa a dar resposta a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **director de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Roi Fernández Añón.**

En rolda de réplica a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** manifesta a súa inquedanza ante a información facilitada, pois considera que contestou a cuestións sen relación coa iniciativa, polo que incide nas preguntas xa expostas.

O **director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitas das afirmacións realizadas pola señora deputada e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas.

A Presidencia agradece a presenza do señor director de Augas de Galicia nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 500 (12/PNC-000022)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que active as medidas de flexibilidade, simplificación e exencións previstas no desenvolvemento da normativa europea para o control da pesca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, que procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, fai uso da palabra en primeiro lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** anuncia o apoio do seu grupo a esta iniciativa, tras matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fidalgo Iglesias (P),** agradece o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, despois de incidir na importancia da devandita proposición non de lei.

PARLAMENTO DE GALICIA

2.2 7010 (12/PNC-000814)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación coa problemática que afecta o sector marisqueiro da ría do Burgo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 60, do 05.08.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas de substitución, unha por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12131) e outra por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 12129), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** que pasa a explicar os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes, intervén en primeiro lugar a **señora Taibo Corsanego, Iria (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención do señor propoñente.

Nesta mesma rolda o **señor Fernández Rosende, Jesús María (P),** refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda, logo de matizar as argumentacións expostas polo señor propoñente.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, comenta as argumentacións dos demais grupos parlamentarios e, logo de rexeitar a emenda do G.P. Popular de Galicia, propón unha transacción co texto resolutivo da PNC orixinaria e a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á que pasa a dar lectura:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que de forma inmediata coordine a organización dunha reunión entre a Xunta de Galicia e o Goberno de España, ambas con representantes con capacidade negociadora, e o colectivo de mariscadoras e mariscadores da Ría do Burgo, para coordinación das axudas económicas aos afectados pola paralización da actividade marisqueira.

Elaborar ou solicitar un informe xurídico que delimite que competencias deben asumir as distintas administracións nas axudas económicas ao colectivo de mariscadoras e mariscadores.

Fixar no seo da Comisión o compromiso económico que as distintas institucións están dispostas a asumir en relación con este colectivo e o compromiso conxunto de establecer estas axudas económicas ata a recuperación da capacidade produtiva da ría."

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 8512 (12/PNC-000876)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que desista da promoción de iniciativas restritivas do consumo de peixe e de conservas, así como de que reconsidere a exclusión do peixe e do marisco da rebaixa do IVE
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12144), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A continuación concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** que comeza a súa intervención destacando que todos os deputados que participan no Parlamento deberían facer uso da lingua galega e lamenta que algún non o faga, pasando a continuación a explicar o sentido da súa emenda, que considera vai na mesma liña dos dous puntos que se propoñen na iniciativa e que van apoiar.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** expón diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións e xustifica os motivos polos que o seu grupo está disposto a apoiar o punto segundo, pero non así o punto primeiro.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P**), logo de agradecer o apoio amosado pola voceira G.P. Bloque Nacionalista Galego e argumentar as razóns polas que non acepta a súa emenda, critica a intervención do voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.

2.4 10227 (12/PNC-000962)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as medidas que debe cumprir o Goberno galego en relación coa protección do sector marisqueiro e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de reprobar a súa actitude ante os acordos parlamentarios acadados nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 12128), da que obvia a súa lectura dado que se remitiron aos membros da comisión.

Deseguido a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se expoñen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Santamaría González, Raúl (P),** quen, logo de amosar diversas consideracións discrepantes coa proposta defendida, defenden e formulan a súa emenda.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** xustifica o apoio do seu grupo á devandita iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar discrepancias cos argumentos do grupo maioritario e anunciar que aceptan o punto segundo da súa emenda como engádega á proposta defendida pero non como substitución.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 500 (12/PNC-000022), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que active as medidas de flexibilidade, simplificación e exencións previstas no regulamento de control da pesca.»

2.2 7010 (12/PNC-000814), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 12131), que resulta **rexeitada** por:

Votos a favor: 6
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 8512 (12/PNC-000876), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por acadar:

Votos a favor: ..... 14 (GG.PP P+BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 1 (G.P. S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España *para que adopte as seguintes medidas:*

1º. Renuncie a calquera iniciativa dirixida a restrinxir o consumo de peixes e conservas en particular, a pretendida limitación destes alimentos nas racións dos comedores escolares; por ser contraria ás recomendacións científicas que aconsellan promover unha dieta saudable entre as persoas consumidoras, especialmente entre as xeracións máis novas.

2º. Reconsidere a súa decisión de excluír os peixes e mariscos da rebaixa do IVE que se aplica a outros alimentos básicos e promova accións e campañas específicas dirixidas a incentivar o consumo de produtos do mar en atención ás súas bondades nutricionais e para impulsar a actividade e ingresos do sector marítimo-pesqueiro, nun contexto de redución da demanda.»

2.4 10227 (12/PNC-000962), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 6
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 19:40 horas.

Paula Mouzo Mas

V. e pr.:
Paula Mouzo Mas
Presidenta en funcións da Comisión

Firmado digitalmente por Paula Mouzo Mas
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Paula Mouzo Mas, email=paula.mouzo.mas@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.22 13:44:23 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.10.22 11:15:25 +02'00'